



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 10 de febreiro do 2022, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** D^a María José Varela Neira, 1^a Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
 - D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - D^a. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - D. Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da Área de Contratación
- **Técnicos asistentes á Mesa:**
 - D. José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para as licitacións 2021/CONTRAT/000139 e 2021/CONTRAT/000147.
- **Outros asistentes á Mesa:**
 - Dona Yolanda Lago Carrera, da “UTE OLEIROS CALIDADE”; para a licitación nº 2021/CONTRAT/000139
 - Dona María del Mar García Álvarez, da “UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. – ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.”; para a licitación nº 2021/CONTRAT/000139
 - Dona Sandra García, de “INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U.”; para a licitación nº 2021/CONTRAT/000147
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, TAE do departamento municipal de Orde Pública.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ORDE DO DÍA

1.- 2021/CONTRAT/000139: ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024

Acto público de:

- * Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- * Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior).
- * Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- * Proposta de adxudicación, se procede.

2.- 2021/CONTRAT/000147: SERVIZO DE COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024

Acto público de:

- * Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).
- * Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior).
- * Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- * Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2022/CONTRAT/000004: APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023

Acto non público de:

- * Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa).
- * Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa).





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

1.- 2021/CONTRAT/000139: ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 27 de decembro do 2021, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024”.

O importe de licitación é de 459.168,71 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (96.425,43 €), o que supón un importe de 555.594,14 € IVE engadido.

O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) anos (anualidades 2022, 2023 e 2024), coa posibilidade de unha única prórroga de un ano, tal e como se establece no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 5 de xaneiro de 2022, publicándose o día 10 de xaneiro do 2022. Ademais, tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 7 de xaneiro do 2022.

Rematado o día 25 de xaneiro do 2022 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	B-85097962	25/01/2022 13:37
UTE CIMARQ – GALAICONTROL	UTE 276157	25/01/2022 16:50
UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. – ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.	UTE 276133	25/01/2022 10:17
UTE OLEIROS CALIDADE	U-01874825	24/01/2022 17:03

A Mesa de Contratación que tivo lugar o 27 de xaneiro de 2022 procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 1 presentados polos licitadores denominado “Documentación administrativa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considerouna correcta; polo que acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 2 denominados “Proposta suxeita a avaliación previa” que conteñen a documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XIII do PCAP e acordou remitilos a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XIII do PCAP.

O día 09 de febreiro de 2022, don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello de Oleiros, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 3 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asisten dona Yolanda Lago Carrera, da “UTE Oleiros Calidade”, e dona María del Mar García Álvarez, da “UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. – ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.”, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	METODOLOXÍA DE TRABALLO	PROGRAMA DE ENSAIOS	TOTAL SOBRE 2
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	19,00 / 40,00	8,00 / 10,00	27,00 / 50,00
UTE CIMARQ – GALAICONTROL	34,50 / 40,00	8,50 / 10,00	43,00 / 50,00
UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. – ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.	25,50 / 40,00	8,00 / 10,00	33,50 / 50,00
UTE OLEIROS CALIDADE	38,75 / 40,00	10,00 / 10,00	48,75 / 50,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas polas empresas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas.

O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		EPTISA	UTE CIMARQ – GALAICONTROL	UTE CIESA - ENMACOSA	UTE OLEIROS CALIDADE
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE	3,16 %	3,15 %	3,40 %	3,50%
	PUNTOS	19,98 / 20,00	20,00 / 20,00	19,32 / 20,00	18,97 / 20,00
ESTABILIDADE NO EMPREGO	%	80,30 %	86,67%*	92,31 %*	100,00%
	PUNTOS	8,03 / 10,00	8,67 / 10,00	9,23 / 10,00	10,00 / 10,00
PRESENCIA EN OBRA	DÍAS	5 días	5 días	5 días	5 días
	PUNTOS	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
% REALIZACIÓN DE ENSAIOS	%	40,00 %	50,00 %	50,00 %	50,00 %
	PUNTOS	8,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		46,01 / 50,00	48,67 / 50,00	48,55 / 50,00	48,97 / 50,00

* para o caso da “UTE Cimarq-Galaicontrol” e da “UTE Ciesa-Enmacosa” as cales presentaron na súa oferta as porcentaxes de estabilidade no emprego indicando a porcentaxe correspondente a cada unha das empresas que conforman a UTE, a Mesa acorda realizar unha media das porcentaxes.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	UTE OLEIROS CALIDADE	U01874825	48,75 / 50,00	48,97 / 50,00	97,72 / 100,00
2	UTE CIMARQ – GALAICONTROL	UTE 276157	43,00 / 50,00	48,67 / 50,00	91,67 / 100,00
3	UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA, S.L. – ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.	UTE 276133	33,50 / 50,00	48,55 / 50,00	82,05 / 100,00
4	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	B85097962	27,00 / 50,00	46,01 / 50,00	73,01 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024” á empresa UTE OLEIROS CALIDADE (U01874825) por un importe máximo de 459.168,71 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (96.425,43 €), facendo un total de 555.594,14 €; calculándose os importes a facturar aplicando sobre o PEM do proxecto das obras que se inclúan no contrato a porcentaxe de 3,50% ofertado pola proposta para a adxudicación; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

2.- 2021/CONTRAT/000147: SERVIZO DE COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 27 de decembro do 2021, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024”.

O importe de licitación é de 137.750,61 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (28.927,63 €), o que supón un importe de 166.678,24 € IVE engadido.

O prazo de execución do referido contrato é de TRES (3) anos (anualidades 2022, 2023 e 2024), coa posibilidade de unha única prórroga de un ano, tal e como se establece no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de xaneiro do 2022.

Rematado o día 25 de xaneiro do 2022 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	24/01/2022 17:25
ATENEA, S.A.U.	A82876905	25/01/2022 12:36
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	B70147244	25/01/2022 15:47
INCOPE CONSULTORES, S.L.	B83665513	25/01/2022 16:53
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	B15856339	25/01/2022 17:38
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	25/01/2022 09:49
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U.	A24036691	25/01/2022 13:26
NORMANSYS, S.L.	B70041066	24/01/2022 19:59
TEPRIL, S.L.	B15719776	25/01/2022 18:45

A Mesa de Contratación que tivo lugar o 27 de xaneiro de 2022 procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 1 presentados polos licitadores denominado “Documentación administrativa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considerouna correcta; polo que acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 2 denominados “Proposta suxeita a avaliación previa” que conteñen a documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XIII do PCAP e acordou remitilos a informe dos servizos técnicos para que foran avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XIII do PCAP.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

O 10 de febreiro de 2022, don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico do Concello de Oleiros, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 3 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asiste dona Sandra García, de INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U., a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

Nome da empresa	Memoria actuación	Programa de traballos	Total sobre 2
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	32,00 / 40,00	7,00 / 10,00	39,00 / 50,00
ATENEA, S.A.U.	35,00 / 40,00	9,00 / 10,00	44,00 / 50,00
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	25,00 / 40,00	5,00 / 10,00	30,00 / 50,00
INCOPE CONSULTORES, S.L.	39,00 / 40,00	9,00 / 10,00	48,00 / 50,00
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	34,00 / 40,00	8,00 / 10,00	42,00 / 50,00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	33,00 / 40,00	9,00 / 10,00	42,00 / 50,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U.	32,00 / 40,00	6,00 / 10,00	38,00 / 50,00
NORMANSYS, S.L.	32,00 / 40,00	7,00 / 10,00	39,00 / 50,00
TEPRIL, S.L.	33,00 / 40,00	7,00 / 10,00	40,00 / 50,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a avaliar as ofertas presentadas, detectando que a oferta presentada por INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (A24036691) atópase en situación de presunción de anormalidade.

O resumo das ofertas e puntuacións achégase no seguinte cadro:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS			TOTAL SOBRE 3
	Importe	Puntos	EBSS	ESS	Puntos	
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	0,73%	25,89 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	45,89 / 50,00
ATENEA, S.A.U.	0,76%	24,87 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	44,87 / 50,00
BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	0,69%	27,39 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	47,39 / 50,00
INCOPE CONSULTORES, S.L.	0,72%	26,25 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	46,25 / 50,00
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	0,78%	24,23 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	44,23 / 50,00
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	0,80%	23,63 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	43,63 / 50,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U.	0,63%	30,00 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	50,00 / 50,00
NORMANSYS, S.L.	0,79%	23,92 / 30,00	Todos	Todos	20,00 / 20,00	43,92 / 50,00
TEPRIL, S.L.	0,76%	24,87 / 30,00	Non ofertadas*	Non ofertadas*	0,00 / 20,00	24,87 / 50,00

- Na oferta presentada por "Tepril, S.L." existe unha contradicción na oferta das melloras dado que se marcan tódalas opcións que existían para este criterio, entre as que figura a opción de non ofertar a mellora; polo que a Mesa entende que a empresa pretende anular as opcións anteriores e considera como non ofertada a realización de melloras.

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	INCOPE CONSULTORES, S.L.	B83665513	48,00 / 50,00	46,25 / 50,00	94,25/ 100,00
2	ATENEA, S.A.U.	A82876905	44,00 / 50,00	44,87 / 50,00	88,87/ 100,00
3	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U.	A24036691	38,00 / 50,00	50,00 / 50,00	88,00/ 100,00
4	INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	B15856339	42,00 / 50,00	44,23 / 50,00	86,23/ 100,00
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	42,00 / 50,00	43,63 / 50,00	85,63/ 100,00
6	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	39,00 / 50,00	45,89 / 50,00	84,89/ 100,00
7	NORMANSYS, S.L.	B70041066	39,00 / 50,00	43,92 / 50,00	82,92/ 100,00
8	BERGANTIÑOS SOLUCIÓNS LABORAIS, S.L.	B70147244	30,00 / 50,00	47,39 / 50,00	77,39/ 100,00
9	TEPRIL, S.L.	B15719776	40,00 / 50,00	24,87 / 50,00	64,87/ 100,00

Agora ben, como se menciona con anterioridade, os servizos económicos detectan que a empresa "INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U." (A24036691) presenta unha oferta incursa en presunción de anormalidade. Á vista de que se trataría da terceira clasificada, e tendo en conta que a exclusión ou non exclusión da súa oferta non afectaría á orde de puntuación no que quedaron as licitadoras; atendo aos principios de eficiencia administrativa e de economía procesual, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024" á empresa "INCOPE CONSULTORES, S.L." (B83665513) por un importe máximo de 137.750,61 €, ao que se lle suma un





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

21% de IVE (28.927,63 €), o que supón un importe de 166.678,24 € IVE engadido; calculándose os importes a facturar aplicando sobre o PEM do proxecto das obras que se inclúan no contrato a porcentaxe de 0,72% ofertada pola proposta para a adxudicación; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

SEGUNDO.- No caso de que, por circunstancias da licitación, haxa de ser proposta como adxudicataria "INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U." (A24036691); deberase de requirir a esta empresa a xustificación da oferta anormalmente baixa presentada, debendo de analizarse a súa viabilidade antes de realizar a proposición da adxudicación ao seu favor.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

3.- 2022/CONTRAT/000004: APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023

Por Resolución da Primeira Tenente de Alcalde nº 2022000302 de data 1 de febreiro de 2022, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022- 2023”.

O importe de licitación é de 45.435,46 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (4.543,55 €), o que supón un importe de 49.979,01 € IVE engadido; o cal se desagrega en tres lotes divididos do seguinte xeito:

LOTE	IMPORTE SEN IVE	IVE 10%	TOTAL CON IVE
1. Actividades de apoio terapéutico as persoas coidadoras	19.104,01 €	1.910,40 €	21.014,41 €
2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	23.259,71 €	2.325,97 €	25.585,68 €
3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	3.071,75 €	307,17 €	3.378,92 €
TOTAL	45.435,46 €	4.543,55 €	49.979,01 €

O prazo de execución do referido contrato vai do 1 de abril de 2022 ao 31 de decembro de 2023, prorrogable mediante unha prórroga de DOUS (2) anos de duración, tal e como se establece nos pregos de cláusulas administrativas do contrato.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 1 de febreiro do 2022.

Rematado o día 9 de febreiro do 2022 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	Lote
AFACO	G15538838	08-02-2022 17:11	1 e 2
ESPROADE, S.L.	B15664816	09-02-2022 19:23	3

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	AFACO	ESPROADE
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	Cumpre





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAP; é dicir: calidade do proxecto técnico.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira, 1ª Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros.

